

2026

ANEXO 2: SIGAD (Sistema Integral Galego do
Automobilismo Deportivo)



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

O SIGAD é a ferramenta de xestión das verificacións técnicas nas modalidades de Rallyes, Rallysprint, Rallymix, Montaña e Autocross, que axudará a participantes, organizadores e oficiais a xestionar as verificacións técnicas dos vehículos nas probas deportivas dunha forma máis cómoda, áxil e efectiva. Non será obrigatorio para as modalidades de Karting e Slalom.

A FERRAMENTA

O denominado SISTEMA INTEGRAL GALEGO DO AUTOMOBILISMO DEPORTIVO (en adiante SIGAD) é unha ferramenta de control desenvolta polo departamento técnico da FGA. Esta aplicación terá unha misión innovadora no automobilismo deportivo, permitindo á FGA ofrecer un servizo para os diferentes actores nas probas de automobilismo.

Os servizos ofrecidos por esta ferramenta inclúen:

- Control de fichas técnicas FGA de forma electrónica.
- Xestión das verificacións técnicas previas, durante as probas e finais.
- Marcaxe de pneumáticos de forma electrónica.
- Control dos elementos de seguridade dos vehículos de forma electrónica.
- Control dos elementos mecánicos dos vehículos de forma electrónica. Xestión de informes para Comisarios Deportivos.
- Comunicación bidireccional con equipos.
- Comunicación bidireccional entre oficiais.

VANTAXES

Entre a multitude de vantaxes que ofrece este sistema, cabe destacar as seguintes:

Nas verificacións:

Velocidade nas verificacións de elementos de seguridade homologados.

Concentración de esforzos na correcta instalación dos elementos de seguridade homologados e non tanto na homologación dos mesmos.

Verificacións máis eficientes sen demora de comunicación ao equipo.

Comunicacións oficiais entre Comisarios Deportivos e Técnicos.

Accesibilidade ó propietario para acceder ós datos Técnicos do vehículo.

Na xestión:

Automatización do proceso.

Eliminación do papel.

Rastrexabilidade.

Análise estatística.

Redución de custos.

Evolución tecnolóxica.

Accesibilidade do propietario para visualizar ós datos Técnicos do vehículo.

A validez de cada SIGAD será ata 31 de decembro de 2026.

O custe de cada SIGAD será de: 50 €